



## “Orfas e Orfos de vivos e mortos que ninguén consolará”

A **Asociación Galega de Pais e Nais Separados**<sup>1</sup> en colaboración coa **Comisión Promotora**<sup>2</sup> da Proposición de lei de iniciativa legislativa popular no Parlamento de Galicia, denominada **Lei de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cese da convivencia**

Hoxe atopámonos nun lugar senlleiro e emblemático, na Praza da Quintana de Vivos que se une coa Praza da Quintana de Mortos, unha alegoría da transición que reclamamos que se produza na relación de moitas familias: Non queremos mais nenas e nenos orfos de nais e país vivos .

En poucos días chegará a fin do prazo que para que a Comisión Promotora da Proposición de lei de iniciativa legislativa popular no Parlamento de Galicia, denominada Lei de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cese da convivencia, presente diante da Xunta Electoral de Galicia as mais de 12000 sinaturas coas que galegas e galegos de toda condición e lugar refrendaron unha iniciativa que nos achegará a unha sociedade mais xusta e avanzada. Presentámola coloquialmente como ILP da Coparentalidade.

Esta iniciativa, que xurdiu no seo da Asociación Galega de Pais e Nais Separados logo de anos de preparación e contactos con outras Comunidades Autónomas do Estado que xa deran este paso, á que se sumaron a título individual distintos colaboradores, foi apoiada dende o seu inicio por moitos colectivos aos que hai que lles agradecer o seu esforzo e traballo. Xente de toda Galicia e de toda España apoian esta iniciativa, profesionais do ámbito xurídico e das ciencias sociais e psicopedagóxicas, grupos políticos, institucións e un número de Concellos Galegos que manifestaron publicamente o seu apoio mediante mocións que fixeron chegar ao Parlamento de Galicia. Grazas a todas e todos eles.

---

<sup>1</sup>**Asociación Galega de Pais e Nais Separados.**

Enderezo: Estrada de Ombreiro Nº 116, 3º E; 27004 Lugo - CIF: G15483365  
Tfs. A Coruña: 679415033, Lugo: 689148664, Ourense: 646698640, Pontevedra: 617235835, Santiago: 619707286

Regº Nac. Asoc. nº 135.496 / Rex.Consell. Familia FM 102 / Rex.Ent. Prest.Servizos Sociais en Galicia E3779

<sup>2</sup> **Comisión Promotora da Proposición de lei de iniciativa legislativa popular “de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cese da convivencia”**

Representantes da Comisión Promotora: Lois M. Toirán Vázquez, tf.664782590; Abel Lamas Sánchez, tf.619960460

Web informativa da iniciativa: <http://ilpcoparentalidade.sitio.gal>

Os meses de presenza nas rúas, prazas e eventos de Galicia permitíronnos recoller as testemuñas espontáneas do sufrimento de mulleres e homes privados da relación cotiá cos seus fillos, a experiencia gratificante de quen puido desfrutar da custodia compartida dos seus pais ou de como unha parella lle explica con completa normalidade aos seus cativos de poucos anos en qué consiste separarse e seguir coidando deles de forma compartida, por citar algúns exemplos.

As familias das parellas que se separan (porque non é a familia a que se separa, compre recordalo) teñen o dereito a pretender unha relación absolutamente normalizada en todos os ámbitos da vida ser verse xudicializadas. A sociedade e as institucións así o deben procurar e garantir. O marco lexislativo debe acompañar á evolución da sociedade.

Os artigos da Convención sobre os Dereitos do Neno da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, sinalan que é responsabilidade primordial de nais e pais a crianza dos fillos e das fillas e obrigación dos estados garantir o exercicio desa responsabilidade.

A Igualdade substancial entre homes e mulleres en todos os ámbitos da vida é unha constante nas democracias máis desenvolvidas, un obxectivo primordial na consecución dunha sociedade máis xusta e igualitaria.

En Galicia o artigo 27 do Estatuto de Autonomía establece como competencia a conservación, modificación e desenvolvemento das institucións do Dereito Civil galego. A ILP da Coparentalidade pretende a actualización do Dereito Civil Galego, continuando iniciativas anteriores como a Lei galega de Parellas de Feito ou a Lei galega de Adopcións. Este proxecto de lei fundaméntase nos seguintes principios:

1º No dereito das fillas e fillos a medrar e convivir con ambos proxenitores tras unha separación.

2º Na corresponsabilidade parental, que garanta que ambos membros da parella participen de forma igualitaria no coidado, educación e toma de decisións sobre os menores.

3º Na igualdade entre homes e mulleres, que favorece que as relacións entre os proxenitores en función dos seus fillos e fillas se fundamenten no diálogo, respecto e igualdade.

4º No fomento da mediación familiar logo da separación na procura da prevención e resolución pacífica dos conflitos.

En Galicia deberíamos ser especialmente sensibles á existencia da orfandade derivada de unha deficiente lexislación e unha mala practica social e xurídica. Explicouno Rosalía de Castro na súa época e nos tempos mais recentes o fenómeno da emigración volveu a deixar nenas e nenos ao coidado dos avós porque tanto o pai como a nai marchaban na procura de traballo ao estranxeiro:

Este vaise y aquel vaise  
E todos, todos se van,  
Galicia, sin homes quedas  
Que te poidan traballar.  
Tes en cambio orfos e orfas  
E campos de soledad,  
E nais que non teñen fillos  
E fillos que non têm pais.  
E tês corazons que sufren  
Longas ausencias mortás,  
Viudas de vivos e mortos  
Que ninguén consolará.

(Rosalía de Castro, Follas Novas, As viudas d'os vivos e as viudas d'os mortos)

Coa licencia necesaria, hoxe o expresamos así:

“Galicia, tes orfas e orfos, de vivos e mortos, que ninguén  
consolará”

Agora, concluída con éxito esta primeira etapa, ven o intre dunha participación activa dos grupos políticos do Parlamento de Galicia. Deles esperamos que tomen como propia esta iniciativa e que todos en común realicen unha aposta decidida por mellorar as condicións de vida das familias galegas. Dende aquí reiterámoslles o noso ofrecemento a unha estreita colaboración.

“Polos dereitos das nenas e nenos a medrar e convivir  
con ámbolos dous proxenitores tras unha separación”

“Porque a Custodia Compartida é a mellor maneira de exercer a  
Patria Potestade da nai e do pai no coidado das súas fillas e fillos”

Grazas a todas e todos, de corazón, polo voso apoio.